



CONCELLO DE DODRO: ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS E DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS NA EXECUCIÓN DE PLANTACIÓNS, CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA

[BOP de A Coruña de 22/10/2020](#)

COMUNICACIÓN PREVIA: da tala con quinze días hábiles de antelación. Tamén das cortas que se realicen noutros municipios cando se vaia a transportar a madeira por vías municipais de Dodro. Quedan excluídos os aproveitamentos de uso doméstico de ata 3 t en vehículos cunha MMA de ata 4 t. Debe facerse constar a seguinte información:

- Declaración responsable da empresa ou persoa física responsable da corta, na que conste de xeito expreso que se posúen os permisos ou licenzas de actividade preceptivos para a realización das actuacións comunicadas, a clase de traballos a realizar e a duración estimada deles, indicando data de inicio e de fin.
- Copia da comunicación feita, respecto da corta, ao órgano competente en materia forestal da Xunta de Galicia, ou, no seu caso, copia da autorización concedida para ela, nas que deberán constar os datos da clase da madeira da corta e as toneladas a extraer.
- Identificación da/s parcela/s afectada/s e a súa situación nun plano axeitado.
- Identificación do/s lugar/es de depósito e de carga, que deberán ser de titularidade privada.
- Identificación das vías a utilizar para o transporte da madeira en plano axeitado ao efecto
- Identificación da maquinaria de transporte, abatemento e calquera outra de maior tonelaxe que se vaia empregar para o traballo.
- Xustificante de ter presentado a fianza descrita no artigo 8 para responder do amaño dos deterioros que puideran producirse no viario e da limpeza dos restos das operacións de depósito e carga da madeira, de ser o caso.

FIANZA: en metálico ou aval bancario.

- Vehículos con MMA inferior a 16 t: 3.000 € ou seguro de responsabilidade civil por contía non inferior a 50.000 €
- Vehículos con MMA maior ou igual a 16 t: 5000 € ou seguro de responsabilidade civil por contía non inferior a 100.000 €
-

Débense presentar tamén as pólizas de responsabilidade civil das empresas subcontratadas. Rematados os traballos, a fianza será devolta ou cancelada no prazo de dous meses, logo do informe dos servizos municipais. A fianza pódese deixar depositada para responder das seguintes cortas.

ENTRADA EN VIGOR: 23/10/2020.

Esta información está dispoñible na web www.maderasdeg Galicia.com